



PLAN DIGITAL

IES de Valga

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O IES de Valga sitúase no concello de Valga, na comarca do Ulla – Ría de Arousa. O código do centro é o 36020362 e a súa dirección é Baño s/n, 36645, Valga (Pontevedra). Os datos de contacto son os seguintes: Teléfono: 886151980. Correo electrónico: ies.valga@edu.xunta.gal. Páxina Web: <http://www.edu.xunta.gal/centro/iesdevalga>.

O Claustro está formado, no curso por 52 profesores/as, organizados/as en 19 Departamentos didácticos, correspondentes ás distintas especialidades:

Departamento	Nº de profesores
Artes Plásticas	1
Ciencias Naturais	3
Economía	1
Educación Física	2
Fabricación Mecánica	13
Filosofía	1
Física e Química	2
Formación e Orientación Laboral	1
Francés	1
Inglés	3
Latín	1
Lingua Castelá e Literatura	4
Lingua Galega e Literatura	3
Matemáticas	5

Música	1
Orientación Educativa	2
Relixión Católica	1
Tecnoloxía	3
Xeografía e Historia	4

En todos os Departamentos didácticos hai unha persoa responsable das tarefas de xefatura. O centro dispón tamén de varias persoas responsables da coordinación de diferentes áreas de traballo: Formación en Centros de Traballo (FCT), Abalar/TIC/Educación Dixital, Biblioteca escolar, Equipo de Dinamización da Lingua Galega, e Convivencia. O profesorado participa de forma activa na organización e no funcionamento do centro a través da súa presenza nas reunións do Claustro do Profesorado, o Consello Escolar, a Comisión de Coordinación Pedagóxica, a Comisión de Convivencia, as Xuntas de Avaliación e todas aquelas reunións para as que son convocadas/os co obxectivo de optimizar e mellorar dito funcionamento. O equipo directivo está formado por catro persoas responsables cada unha delas das seguintes áreas de traballo: Dirección, Vicedirección, Secretaría e Xefatura de Estudos.

O equipo directivo está formado por catro membros:

- Eliseo Mera Quintas: Director.
- Ana Bueno Lema: Vicedirectora.
- Beatriz Lloret Ares: Xefa de estudos.
- Jesús López Silva: Secretario.

Actualmente, o centro ten concedidas as seguintes liñas: Educación Secundaria Obrigatoria, dúas modalidades de Bacharelato (Ciencias e Humanidades e Ciencias Sociais) e Ciclos Formativos; de Formación Profesional Básica (Fabricación e Montaxe e Xardinería) de réxime xeral ordinario. De Ciclo Medio (Soldadura e Caldeiraría) de réxime xeral ordinario, réxime de adultos e Dual. E Ciclo Superior (Construcións metálicas) de réxime xeral ordinario.

O centro conta con arredor de **450 alumnos** no curso 2021/2022.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Localizado nun entorno rural, aínda que próximo ás vilas de Santiago e Vilagarcía de Arousa, as vilas mais próximas, presenta unha forte presenza de empresas do sector secundario na súa contorna nas que os pais e nais do alumnado desempeñan a súa actividade profesional. Estes tamén adoitan traballar no sector primario, sobre todo en actividades relacionadas co mar. Polo que, maioritariamente, encontrámonos cunha poboación que ten un nivel cultural medio baixo con escasa cualificación profesional e unha competencia dixital baixa.

Con respecto ó uso das TIC no Centro, destacar que este conta cunha traxectoria na que o profesorado estivo implicado dende hai anos elaborando unha primeira páxina web do centro que recibiu un premio de innovación educativa, realizouse tamén a web actual dentro da plataforma Drupal. Destacar tamén que profesorado do centro recibiu en anos anteriores premios de innovación educativa pola elaboración de materiais en soporte informático. O centro está implicado no Proxecto Abalar, dispón de profesorado que se encarga do mantemento e actualización da páxina web e da aula Moodle, leváronse a cabo grupos de traballo dentro do campo das TIC (por exemplo “A competencia nas TIC e a Resolución de tarefas”).

En canto á traxectoria do centro no ámbito das novas tecnoloxía, o IES de Valga participa no proxecto Abalar dende o curso 2010/11. O proxecto abrangue os cursos 1º e 2º ESO que foron equipados con ordenadores portátiles tipo netbook para o seu emprego nas clases. Compre salientar que dende que se iniciou o proxecto, alá polo curso 2010/11, cada vez é maior o número de profesores e materias que se incorporan ao mesmo.

Ao longo do curso 2020/2021 incorporouse de forma xeneralizada a AULA VIRTUAL como medio de traballo habitual do profesorado co alumnado. O Plan Dixital do centro plantéxase coma a guía para continuar a mellorar as actuacións no ámbito das tecnoloxías dixitais.

Neste curso 2021/2022 o Plan Permanente de Formación do Profesorado estivo orientado á formación nas ferramentas colaborativas da aula virtual.

O centro tamén participa no programa de Bacharelato de excelencia STEMBach, na modalidade de ciencias. Creado ao abeiro da Estratexia Galega para a Educación Dixital, promove a vocación do alumnado do centro cara a investigación científica e tecnolóxica e permite unha conexión directa co ensino universitario.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A educación dixital incide de xeito cada vez máis determinante na vida das persoas, e en consecuencia, no campo da educación. Neste último ámbito, o educativo, a inclusión da competencia clave (competencia dixital) que en xeral implica o uso seguro e crítico das TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información como elemento do currículo introdúcenos nun momento substancialmente distinto e crea novos escenarios educativos.

Esta competencia consiste esencialmente en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento, polo que o dominio das TIC faise tan esencial como o das técnicas instrumentais clásicas. É máis, as posibilidades didácticas e pedagóxicas que nos ofrece o acceso e xestión da información e do coñecemento, conceden a esta competencia un peso específico como eixe transversal dentro da actividade docente. Todo isto esixe transformacións que afectan á globalidade do proceso educativo nos seus aspectos metodolóxicos, organizativos, de xestión e curriculares. É precisamente este impacto ou transcendencia global das TIC o que xustifica a confección deste plan como documento de referencia que recolla e regule todos os aspectos que concirnen á integración das TIC no Centro.

O Plan en Educación dixital concíbese como un Plan vivo no que deberían colaborar todos os órganos que compoñen a comunidade educativa do centro en particular o que atinxe ós obxectivos xerais do plan, ás estratexias de dinamización, xestión de recursos tecnolóxicos e a incorporación das TIC nas diferentes materias do currículo e a súa concreción nas diferentes programacións curriculares.

O Plan pretende ser:

- a) Un documento útil, real e contextualizado respecto ao Centro.
- b) Un documento que reflecta o traballo que se ten realizado así como o que se fai e o que se vai facer, cun Plan de Acción definido e concreto.
- c) Un documento que posibilite tomar nota dos problemas que xurdan e da maneira de solucionarlos.
- d) Un documento asumido polo totalidade do Claustro.
- e) documento que sirva par que todo o alumnado poida acceder a unha verdadeira educación dixital e para mellorar a Competencia Dixital dos demais membros da Comunidade Educativa.

Referencias legislativas:

- **Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.**
- **Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan**

instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022

- **Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021**, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- **Resolución do 3 de setembro de 2021**, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

O equipo dinamizador do Plan Dixital no IES de Valga está formado por:

Nome	Apelidos	Función no equipo	Función no centro
Diego	Botana de Castro	Coordinador	Xefatura do departamento de Tecnoloxía
Sara	Novo Domínguez	Adxunto á coordinación	-
Juan Carlos	Montejano Rivas	-	Coordinación TIC
Eliseu	Mera Quintas	-	Dirección
Jaime Manuel	Oviedo Braña	-	Xefatura do departamento de Física e Química
Beatriz	Lloret Ares	-	Xefatura de estudos

O proceso de dinamización do Plan Dixital e que conduciron á elaboración do mesmo como documento de centro foron as seguintes:

a) Preparación da enquisa SELFIE: A primeira tarefa realizada foi a preparación da enquisa SELFIE no mes de novembro de 2021. Creouse a conta do centro na páxina de SELFIE, configuráronse as enquisas para as tres etapas educativas do centro, ESO, Bacharelato e Formación Profesional, e engadíronse as cuestións suxeridas pola Consellería de Educación.

b) Realización da enquisa SELFIE: O seguinte paso foi activar a enquisa e coordinar a súa realización. A enquisa SELFIE estivo dispoñible durante dúas semanas, dende finais de novembro ata mediados de decembro do 2021. Diversos docentes do centro colaboraron co equipo de dinamización do Plan Dixital, levando aos alumnos ás aulas de informática para realizaren a enquisa.

- c) Estudio dos resultados: Unha vez finalizada, o equipo de dinamización do Plan Dixital encargouse de analizar os resultados obtidos, extraendo conclusións que quedaron recollidas na análise DAFO e a partires das cales formuláronse as actuacións do Plan de Acción.
- d) Realización do test de Competencia Dixital Docente: De forma paralela, o profesorado do centro participou nun test que pretendeu darlles a coñecer o nivel de Competencia Dixital que cada un deles posúe. Desta maneira, mediante un test estandarizado, foi posible coñecer o nivel de Competencia Dixital medio de cada centro de Galicia, e obter datos para comparar e detectar necesidades de formación nesta materia.
- e) Elaboración da análise DAFO: A partires dos datos obtidos da enquisa SELFIE, do test de Competencia Dixital Docente e da observación da situación do IES, realizouse unha análise DAFO coa que obter conclusións precisas sobre a situación do centro en canto ao emprego de tecnoloxías dixitais que permitiran establecer un protocolo de actuación para os vindeiros cursos co obxectivo de acadar unha educación dixital.
- f) Elaboración do Plan de Acción: O penúltimo paso na elaboración do Plan Dixital consistiu en recoller nun documento as actuacións previstas para os dous próximos cursos académicos. Establecéronse obxectivos cos seus indicadores de logro, concretos e medibles. E unha serie de accións para cada un dos obxectivos, cun responsable e data de finalización.
- g) Redacción do Plan Dixital do centro: Por último, xa no mes de xuño do 2022, elaborouse o presente documento, o Plan Dixital do IES de Valga.

2. Situación de partida


2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O IES de Valga conta con conexión de internet mediante fibra óptica. A velocidade da conexión e outros parámetros pódense observar na imaxe seguinte.

A rede interna do centro é de tipo mixto, cableada e sen fíos. A rede cableada conecta todas as aulas, departamentos e outros espazos (sala de profesores, conserxería, oficina, etc...). Co impedimento de requirir cada equipo unha configuración IP específica, o que fai que cada novo equipo engadido a rede debe ser dado de alta polo coordinador TIC do centro.

A parte sen fíos da rede non está dispoñible en todo o centro, non acada todos os espazos deste, e debería ser obxecto de mellora.

A velocidade de internet (conectando o equipo á rede mediante wifi) medida na sala do profesorado é a da seguinte imaxe.



Unha velocidade de descarga de 43.2 Mb/s e unha de subida de 68.1 Mb/s, que polo momento son adecuadas ás necesidades do centro.

Ao remate do curso 2021/2022, data de elaboración deste documento, o IES de Valga conta co equipamento informático da listaxe seguinte. Este listaxe inclúe todos os equipos do centro, mesmo aqueles que requiren de seren renovados pola súa excesiva antigüidade. No apartado 3.2 recóllense as necesidades de renovación de equipos, que substituirían os da listaxe.

Listaxe de equipos do IES de Valga:

Espazo	Equipamento	Titularidade	Antigüidade
Conserxería	1x Ordenador sobremesa	Equipo do centro	baixa
	2x Fotocopiadoras	Equipo do centro	-
Secretaría	1x Ordenador sobremesa	Equipo do centro	baixa
	1x Impresora	Equipo do centro	baixa
Corredor de entrada	1x Canón proxector	Equipo do centro	-
Biblioteca	2x Ordenador sobremesa (do profesor)	Equipo do centro	elevada
	4x Ordenadores sobremesa (para alumnado)	Equipo do centro	elevada
	9x Táblets	Equipo do centro	obsoleto
	1x Canón proxector	Equipo do centro	elevada
Sala de conexións da	1x Rack con switches para a rede dos departamentos e FP	Equipo do centro	-

planta baixa			
Despacho dirección	1x Ordenador sobremesa	Equipo do centro	media
	1x Impresora	Equipo do centro	media
Vicedirección	1x Ordenador sobremesa	Equipo do centro	media
	1x Impresora	Equipo do centro	media
Secretaría	1x Ordenador sobremesa	Equipo do centro	elevada
	1x Impresora	Equipo do centro	media
Xefatura de estudos	1x Ordenador sobremesa	Equipo do centro	elevada
	1x Impresora	Equipo do centro	media
Orientación	1x Ordenador sobremesa	Equipo do centro	obsoleto
	1x Impresora	Equipo do centro	media
	1x Ordenador portátil	Equipo do centro	media
Sala do profesorado	6x Ordenador de sobremesa	Equipo do centro	elevada
	3x Impresora	Equipo do centro	elevada
Sala de conexións da primeira planta	1x Rack con switches para a rede das aula da primeira, segunda e terceira planta.	Equipo do centro	-
Departamento de Xeografía e Historia	1x Ordenador portátil	Equipo do centro	obsoleto
Departamento de Lingua e Literatura galega	1x Ordenador portátil	Equipo do centro	obsoleto
Departamento de Latín	1x Ordenador portátil	Equipo do centro	obsoleto
	1x Impresora	Equipo do centro	elevada
	2x Canóns proxectores	Equipo do centro	-
Departamento de Relixión	1x Impresora	Equipo do centro	-
Departamento de Educación Física	1x Ordenador portátil	Equipo do centro	obsoleto
Departamento de Plástica	1x Impresora	Equipo do centro	-
Departamento	1x Ordenador portátil	Equipo do centro	obsoleto

de Matemáticas			
Departamento de Tecnoloxía-FOL-Economía	1x Ordenador portátil	Equipo do centro	obsoleto
	1x Impresora	Equipo do centro	-
Departamento de Ciclos	2x Ordenador sobremesa	Equipo do centro	elevada
	1x Ordenador portátil	Equipo do centro	elevada
	2x Impresora	Equipo do centro	-
Aula informática 0	12x Ordenador sobremesa (alumnos)	Equipo do centro	elevada
	1x Ordenador sobremesa (profesor)	Equipo do centro	elevada
	1x Pantalla dixital Traulux TLM7580	Equipo do centro	-
Aula informática 1	20x Ordenadores sobremesa (alumnos)	Amtega	media
	1x Ordenador sobremesa (profesor)	Amtega	media
	1x Impresora	Equipo do centro	-
	1x Pantalla dixital Traulux TLM7580	Equipo do centro	baixa
Aula informática 2	12x Ordenador sobremesa	Amtega	obsoleto
	1x Ordenador sobremesa (profesor)	Equipo do centro	
	1x Pantalla dixital Traulux TLM7580	Equipo do centro	baixa
Aula audiovisuais	1x Ordenador sobremesa	Equipo do centro	elevada
	1x Canón proxector	Equipo do centro	-
Laboratorio de Bioloxía-Xeoloxía	2x Ordenadores portátiles	Equipo do centro	obsoleto
	1x Ordenador portátil	Amtega	elevada
	1x Pizarra dixital + canón	Amtega	elevada
	1x Pantalla dixital Traulux TLM7580	Equipo do centro	baixa
Laboratorio de Física	1x Ordenador portátil	Equipo do centro	elevada
	1x Impresora	Equipo do centro	-
	1x Pantalla dixital Traulux TLM7580	Equipo do centro	baixa

Laboratorio de Química	1x Ordenador portátil	Equipo do centro	elevada
	1x Impresora	Equipo do centro	-
	1x Pizarra dixital + canón	Amtega	elevada
Aula de música	1x Ordenador sobremesa	Amtega	obsoleto
	1x Pizarra dixital + canón	Amtega	elevada
3x Aulas 1º ESO	1x Ordenador portátil (profesor)	Amtega	elevada
	1x Carro abalar	Amtega	-
	Netbooks Abalar	Amtega	obsoleto
	1x Pizarra dixital + canón	Amtega	elevada
2x Aulas 2ºESO	1x Ordenador portátil (profesor)	Amtega	elevada
	1x Pizarra dixital + canón	Amtega	elevada
2x Aulas 3ºESO	1x Ordenador portátil (profesor)	Amtega	elevada
	1x Pizarra dixital + canón	Amtega	elevada
3x Aulas 4ºESO	1x Ordenador portátil (profesor)	Amtega	elevada
	1x Pizarra dixital + canón	Amtega	elevada
2x Aulas 1ºBacharelato	1x Ordenador portátil (profesor)	Amtega	elevada
	1x Pizarra dixital + canón	Amtega	elevada
1x Aulas 2ºBacharelato	1x Ordenador portátil (profesor)	Amtega	elevada
	1x Pizarra dixital + canón	Amtega	elevada
Aula de Tecnoloxía	26x Ordenador sobremesa	Amtega	obsoleto
	1x Ordenador sobremesa profesor	Amtega	obsoleto
	2x Canóns proxectores	Equipo do centro	-
	1x Pantalla dixital Traulux TLM7580	Equipo do centro	baixa
	1x Ordenador portátil	Equipo do centro	elevada
	1x Impresora	Equipo do centro	-
	1x Impresora 3D	Amtega	elevada
Aula de plástica	1x Ordenador sobremesa	Equipo do centro	elevada
	1x Impresora	Equipo do centro	-
	1x Pantalla dixital Traulux TLM7580	Equipo do centro	-
Aula 1º Ciclo Superior	16x Ordenador sobremesa (alumnos)	Amtega	elevada
	1x Ordenador sobremesa	Amtega	elevada

	(profesor)		
	1x Impresora	Equipo do centro	-
	1x Plóter	Equipo do centro	-
	1x Pantalla dixital Traulux TLM7580	Equipo do centro	baixa
Aula 2º Ciclo Superior	1x Ordenador sobremesa	Equipo do centro	obsoleto
	1x Canón proxector	Equipo do centro	-
Aula FP Básica 1	1x Ordenador sobremesa	Equipo do centro	obsoleto
	1x Canón proxector	Equipo do centro	-
Aula FP Básica 2	1x Ordenador sobremesa	Equipo do centro	obsoleto
	1x Canón proxector	Equipo do centro	-
	3x Impresora 3D	Equipo do centro	baixa
Aula 1º Ciclo Medio	1x Ordenador portátil	Equipo do centro	elevada
	1x Canón proxector	Equipo do centro	-
Aula 1º Ciclo Medio	1x Ordenador portátil	Equipo do centro	elevada
	1x Canón proxector	Equipo do centro	-
Aula Desdobres 0	1x Ordenador sobremesa (profesor)	Equipo do centro	obsoleto
Aula Desdobres 3	1x Pantalla dixital Traulux TLM7580	Equipo do centro	-
	1x Ordenador sobremesa (profesor)	Equipo do centro	obsoleto
	1x Pantalla dixital Traulux TLM7580	Equipo do centro	-
Aula Idiomas	7x Ordenador sobremesa	Equipo do centro	obsoleto
	1x Ordenador sobremesa (profesor)	Equipo do centro	elevada
	1x Pantalla dixital Traulux TLM7580	Equipo do centro	-
Outros	Equipos portátiles para emprestas ao alumnado	Equipo do centro	elevada
	Portátil mentora Adix	Equipo do centro	baixa
	Teléfonos móbiles	Equipo do centro	media

Na táboa anterior recóllese a antigüidade dos equipos empregando o seguinte código de cores:

De 0 a 2 anos	baixa
Ente 2 e 5 anos	media
Entre 5 e 10 anos	elevada
>10 anos	obsoleto

Pode observarse que a maioría dos equipos informáticos dos que dispón o centro están ou ben **obsoletos**, ou teñen unha **antigüidade excesivamente elevada**. Isto provoca que as actividades que poden realizarse con estes equipos sexan moi limitadas pola falta de capacidade destes.

En canto ás aulas dixitalizadas, é dicir, dotadas cun ordenador e cunha pizarra electrónica interactiva, o IES de Valga ten un 82% de aulas dixitalizadas. Sen embargo, estas aulas precisan da renovación dos seus equipos pola súa excesiva antigüidade.

Aulas totais	33
Aulas dixitalizadas	27
Porcentaxe aulas dixitalizadas	82%

Ademais dos equipos dixitais, o centro dispón dos seguintes servizos:

Servizos dixitais educativos: O IES de Valga conta cunha páxina web corporativa, a aula virtual de Moodle, Caderno dixital do profesorado, Abalar móbil, e o vindeiro curso comeza en primeiro de ESO o programa E-Dixgal.

Xestión do mantemento do equipamento propiedade do centro: Realizado por unha empresa externa.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para a elaboración da análise DAFO realizáronse previamente dúas enquisas que permitiron coñecer a realidade dos membros da comunidade educativa en relación á súa competencia dixital. Dunha banda a enquisa SELFIE, cuxo resultado móstrase na táboa seguinte:

Autoavaliación SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A - Liderado	Equipo Direct.	-	4,6	4,3	4,4	-
	Profesorado	-	3,6	3,5	2,9	-
	Alumnado	-	-	-	-	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	-	4,7	4,5	4,3	-
	Profesorado	-	3,1	3,1	2,6	-
	Alumnado	-	2,7	2,8	2,7	-
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	-	4,7	4,5	4,5	-
	Profesorado	-	3,1	3,5	3	-
	Alumnado	-	2,7	3,1	3,2	-
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	-	4,8	4,6	4,3	-
	Profesorado	-	3,9	3,5	2,8	-
	Alumnado	-	-	-	-	-

E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	-	4,3	4,3	4,4	-
	Profesorado	-	4,1	4,3	3,3	-
	Alumnado	-	3,6	3,6	3,8	-
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	-	3,7	3,7	3,8	-
	Profesorado	-	3,5	3,3	2,6	-
	Alumnado	-	3	3,1	3,3	-
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	-	3,8	4	4	-
	Profesorado	-	3,3	3,4	3	-
	Alumnado	-	2,6	2,6	3	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	-	4,4	4,1	4,1	-
	Profesorado	-	3,3	3,4	2,6	-
	Alumnado	-	2,9	3,1	3	-

E por outra banda, os docentes do centro realizaron a enquisa de Competencia Dixital Docente, cuxos resultados recóllense nas seguintes táboas.

Test de Competencia Dixital Docente:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	31	37	83,8
PROVISIONAL	6	7	85,7
INTERINO	3	8	37,5
SUBSTITUTO	3	9	33,3
DESPRAZADO	0	0	0

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
87,3	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	90,6	Integrador/a (B1)	79,7	Integrador/a (B1)
BAC	94,1	Integrador/a (B1)	78,4	Integrador/a (B1)
F.P	79,9	Integrador/a (B1)	80,2	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	3	7
A2	8	18,6
B1	17	39,5
B2	8	18,6
C1	6	14

C2	1	2,3
TOTAL	43	100,00%

Mostrando o test que os docentes do centro posúen un nivel de Competencia Dixital Docente lixeiramente superior á media do centros da Comunidade.

2.3. Análise DAFO

Partindo do Informe SELFIE e o Test de Competencia Dixital Docente, o equipo de dinamización do Plan Dixital elaborou unha análise DAFO co obxectivo de recoller a realidade do centro no eido dixital e facilitar a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

Nas dúas táboas seguintes recóllese a análise DAFO:

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Centro equipado con dispositivos electrónicos de aula (canóns de vídeo, pizarras dixitais, etc.). Temos medidas para identificar os retos que xorden coa aprendizaxe mixta. Disponibilidade de soporte técnico externo.	Insuficientes equipos dixitais persoais. Necesidade de mais infraestrutura cableada e cunha maior capacidade.
	PERSONAL DOCENTE	Alta seguridade do profesorado que emprega tecnoloxías dixitais. Competencia dixital docente (B1 - 87,3/192) superior á media (76,4/192).	Falta de tempo para explorar métodos de ensinanzas con tecnoloxías dixitais.
	PERSONAL NON DOCENTE	-	-
	ALUMNADO	-	Poucas ocasións para reflexionar sobre as vantaxes/desvantaxes do ensino dixital. O profesorado considera que o alumnado ten competencias dixitais insuficientes. Mentres que o alumnado considerase competente.
	FAMILIAS	Familias con dispositivos dixitais no fogar. Comunicación coas familias a través de Abalar.	-
	OFERTA	Centro con bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía STEMBach	-
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Contamos cunha estratexia dixital.	As aulas de informática non abranguen as necesidades para un

	Pleno apoio do equipo directivo ao ensino dixital. Uso xeneralizado do caderno dixital. Comunicacións do centro mediante tecnoloxías dixitais.	ensino mixto. Baixo emprego de tecnoloxías dixitais corporativas en proxectos interdisciplinarios e no traballo colaborativo.
--	--	--

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Mellora do equipamento. EDIXGAL. Promoción do software libre (Abalar).	Falta de mantemento de equipos, renovación, e incorporación de novos recursos materiais. Falta de certificados dixitais para o conxunto do profesorado. Incerteza ante a acreditación da competencia dixital docente. Formación ofertada non se axusta ás necesidades do profesorado
	LEXISLACIÓN	-	Exceso de burocracia e inestabilidade lexislativa.
	CONTORNA	Disposición e colaboración co Concello e empresas.	Baixa competencia dixital das familias.
	ANPA	Boa disposición da ANPA para colaborar.	-
	OUTRAS ENTIDADES	-	Resistencia social cara a dixitalización

3. Plan de Acción

O Plan de Acción recolle os obxectivos plantexados para a mellora da educación dixital no IES de Valga. Cada obxectivo ten indicadores de logro do mesmo, avaliáveis e medibles que reflicten a situación de partida e o valor que se desexa acadar.

Cada obxectivo inclúe unha series de accións previstas para acadalo, e a data prevista de consecución. Así, farase un seguimento do desenvolvemento do Plan ao longo dos dous cursos académicos para o que foi programado e da consecución dos obxectivos na data concretada.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

As seguintes táboas constitúen o Plan de Acción. Cada una delas contén un obxectivo.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: A. Liderado						
1. OBXECTIVO (1):	Manter e mellorar o uso do caderno virtual do profesorado				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Compartición de información do alumnado no caderno virtual do profesorado					
Valor de partida (3)	80% do profesorado usa o caderno virtual de maneira recorrente para compartir información do alumnado					
Valor previsto e data (4)	80% do profesorado usa o caderno virtual para compartir información			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Formar ao profesorado no uso do caderno virtual.	Coordinador TIC	Outubro 2023	PFPP, equipos informáticos. Disponibilidade horaria.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Dar soporte ao profesorado no uso do caderno virtual ao longo do curso.	Coordinador TIC	Xuño 2023	Equipos informáticos. Correo corporativo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: A. Liderado e desenvolvemento profesional continuo						
2. OBXECTIVO (1):		Promover accións de mellora na estratexia dixital do centro			Acadado	
RESPONSABLE:		Director			Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)		Porcentaxe de profesorado cumpre coa estratexia dixital do centro				
Valor de partida (3)		Sen datos				
Valor previsto e data (4)		70% do profesorado cumpre		Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A02.1: Solicitar un polo creativo	Director	Setembro 2022	Solicitud e espazo escollido Información ó claustro Aprobación consello escolar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2: Instaurar Espazo Abalar como ferramenta habitual na comunicación coas familias	Xefatura de estudos	Decembro 2022	Equipos informáticos. App para familias e profesorado Profesorado e familias		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Organizar formacións no uso das ferramentas de xestión do centro: SIXA e Espazo Abalar	Coordinador TIC	Outubro 2022	Equipos informáticos. App para familias e profesorado SIXA Relatores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: D. Desenrolo Profesional Continuo						
3. OBXECTIVO (1):	Mellorar a competencia dixital do profesorado				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador do Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de profesorado que participa nas formacións					
Valor de partida (3)	15% do profesorado do centro participa					
Valor previsto e data (4)	30% do profesorado do centro participa				Xuño 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A03.1: Formación E-Dixgal.	Coordinador E-Dixgal	Xuño 2023	Curso E-Dixgal, equipos informáticos. Disponibilidade horaria.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Formación en tecnoloxías dixitais: actividades e recursos para o profesorado non E-Dixgal.	Coordinador do Plan Dixital	Xuño 2023	PFPP, equipos informáticos. Disponibilidade horaria.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Formación no uso dos dereitos de autor e na seguridade na internet	Coordinador do Plan Dixital	Xuño 2023	PFPP, equipos informáticos. Disponibilidade horaria.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: E. Pedagogía: Apoio e recursos						
4. OBXECTIVO (1):	Mellorar o emprego de contornos virtuais de aprendizaxe				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador E-Dixgal				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	I01.1 Número materias que traballan con E-Dixgal					
Valor de partida (3)	0 materias usan un tipo de recurso					
Valor previsto e data (4)	6 materias usan un tipo de recurso			Xuño 2023		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	I01.2 Número de tipos diferentes de recursos empregados na aula virtual					
Valor de partida (3)	1 tipo de recurso empregado en cada aula virtual					
Valor previsto e data (4)	3 tipos de recursos empregados en cada aula virtual			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A04.1: Implementar E-Dixgal en primeiro curso de ES0.	Profesorado de: Bioloxía, Matemáticas, Educación Física, Relixión, Educación Plástica, e Tecnoloxía e Proxecto Competencial.	Xuño 2023	E-Dixgal, equipos informáticos. Tempo para explorar novos recursos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.2: Diversificar o tipo de recursos empregados da aula virtual no resto de cursos.	Todo o profesorado	Xuño 2023	Aula virtual, equipos informáticos. Tempo para explorar novos recursos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: F. Pedagogía: Implementación na aula						
5. OBXECTIVO (1):		Mellorar o emprego de tecnoloxías dixitais en proxectos interdisciplinarios			Acadado	
RESPONSABLE:		Coordinador do Plan Dixital			Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)		Número de proxectos interdisciplinarios no marco das tecnoloxías dixitais no centro educativo				
Valor de partida (3)		0 proxectos interdisciplinarios con tecnoloxías dixitais				
Valor previsto e data (4)		3 proxectos interdisciplinarios con tecnoloxías dixitais		Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A05.1: Formar ao alumnado no manexo de tecnoloxías dixitais colaborativas.	Profesorado do departamento de Tecnoloxía	Xuño 2023	Equipos informáticos. Agueiro e ferramentas de traballo colaborativo da Aula virtual (foros, board, base de datos, comentarios).		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.2: Implantar proxectos co alumnado	Profesorado	Xuño 2023	Equipos informáticos. Agueiro e ferramentas de traballo colaborativo da aula virtual.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.3: Dar soporte ao alumnado durante a realización de proxectos interdisciplinarios no marco das tecnoloxías dixitais.	Profesorado	Xuño 2023	Equipos informáticos. Agueiro e ferramentas de traballo colaborativo da aula virtual.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	

A05.4: Dar soporte ao profesorado no marco das tecnoloxías dixitais.	Coordinador do Plan Dixital	Xuño 2023	Equipos informáticos. Agueiro e ferramentas de traballo colaborativo da aula virtual.	Aprazada	
				Pendente	

“Área/s de mellora”: F. Pedagogía: Implementación na aula

6. OBXECTIVO (1):	Diversificar as actividades que os alumnos realizan en contornos virtuais de aprendizaxe	Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de tipos de actividades distintas en E-Dixgal/Aula virtual realizadas en cada área-materia		
Valor de partida (3)	0 tipos de actividades distintas en contornos virtuais de aprendizaxe en cada área-materia		
Valor previsto e data (4)	3 tipos de actividades distintas en contornos virtuais de aprendizaxe no 75% das áreas-materias	Xuño 2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A06.1: Diversificar o tipo de actividades realizadas en E-Dixgal.	Profesorado de: Bioloxía, Matemáticas, Educación Física, Relixión, Educación Plástica, e Tecnoloxía e Proxecto Competencial.	Xuño 2023	E-Dixgal, equipos informáticos. Tempo para explorar novos recursos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A06.2: Diversificar o tipo de actividades realizadas da aula virtual.	Profesorado de cada materia que non traballa en E-Dixgal.	Xuño 2023	Aula virtual, equipos informáticos. Tempo para explorar novos recursos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: H. Competencias dixitais do alumnado						
7. OBXECTIVO (1):		Educar ao alumnado para actuar de maneira segura e responsable en internet			Acadado	
RESPONSABLE:		Coordinador do Plan Dixital			Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)		Porcentaxe de alumnado formado para actuar de forma segura en internet				
Valor de partida (3)		Sen datos				
Valor previsto e data (4)		50% está formado para actuar de forma segura		Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A07.1: Formar ao alumnado sobre os riscos e boas prácticas en internet	Profesorado de Tecnoloxía e Dixitalización, e TIC	Xuño 2023	Equipos informáticos. Microformacións (charlas, conferencias, etc.)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A07.2: Fomentar o emprego de recursos libres e o respecto dos dereitos de autor entre o alumnado	Todo o profesorado	Xuño 2023	Equipos informáticos, aula virtual, Agueiro, software libre (Abalar), E-Dixgal.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

No caso de que sexa concedido o Polo Creativo ao centro, engadiríanse estes dous obxectivos.

“Área/s de mellora”: A. Liderado						
8. OBXECTIVO (1):	Solicitar un polo creativo				Acadado	
RESPONSABLE:	Responsable do Polo Creativo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de departamentos que empregan os recursos do polo creativo					
Valor de partida (3)	0% de departamentos docentes					
Valor previsto e data (4)	30% de departamentos docentes			Xuño 2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A08.1: Nomear un responsable do polo creativo e elaboración da normativa do polo.	Dirección	Xuño 2024	Equipos informáticos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A08.2: Organizar formacións no uso de cada elemento do polo creativo.	Responsable do polo creativo	Xuño 2024	PFPP, equipos informáticos, recursos do polo creativo, Disponibilidade horaria.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A08.3: Dar soporte ao profesorado que empregue os recursos do polo creativo.	Responsable do polo creativo	Xuño 2024	Equipos informáticos, recursos do polo creativo, Disponibilidade horaria.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: F. Pedagogía: Implementación na aula						
9. OBXECTIVO (1):	Dinamizar o polo creativo				Acadado	
RESPONSABLE:	Responsable do Polo Creativo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Proxectos realizados no polo creativo					
Valor de partida (3)	Cero proxectos realizados					
Valor previsto e data (4)	Catro proxectos realizados			Xuño 2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A09.1: Informar ao alumnado sobre as normas do polo creativo.	Profesorado participante.	Xuño 2024	Equipos informáticos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A09.2: Participar en formacións no uso de cada elemento do polo creativo.	Profesorado participante.	Xuño 2024	Recursos do polo creativo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A09.3: Desenvolver proxectos empregando os recursos do polo creativo.	Profesorado participante.	Xuño 2024	Recursos do polo creativo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos** (Specific), é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles** (Measurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables** (Achievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante** (Relevant), debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos no tempo** (Time bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No contexto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR:** Permitirán **avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase A01.1., a segunda A01.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente. **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (8) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (9) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Neste apartado especificáanse a dotación necesaria para o IES de Valga partindo do equipamento xa dispoñible recollido no inventario do punto 2.

a) Necesidades de equipamento

- Aulas dixitalizadas: Considerando de acordo ao criterio de Amtega unha aula dixitalizada coma aquela equipada con ordenador, pantalla interactiva con conectividade e posibilidade de visualización e interacción, no IES de Valga temos un porcentaxe elevado de aula dixitalizadas como está recollido no apartado 2. Malia isto, dado que a antigüidade dos equipos é elevada, ou directamente son equipos obsoletos, precisamos da renovación destes equipos por equipamento informático actualizado.

- Proxecto educación dixital E-Dixgal: O vindeiro curso á realización deste documento (curso 2022/2023) comeza no IES de Valga o proxecto E-Dixgal por 1º de Educación Secundaria. Polo tanto, no IES precisamos de ordenadores portátiles para os alumnos cunhas prestacións suficientes como para poder empregar programas de elevado consumo de recursos como o editor de vídeo, e continúen a ser relativamente capaces pasados os catro anos que os alumnos estarían a empregarlos na educación secundaria obrigatoria.

- Equipos de uso na biblioteca: Precisamos da renovación do equipos do responsable da biblioteca, xa que o ordenador actual ten unha antigüidade excesiva e un funcionamento deficiente. Ademais, precisamos da ampliación do número de equipos destinados ao uso por parte do alumnado. Na actualidade contamos unicamente con catro equipos para esta función.

- Equipos para uso na sala de profesorado e departamentos:(equipos para os departamentos son computadores e impresoras). Precisamos da renovación dos equipos dos departamentos que pola súa elevada antigüidade están obsoletos. Tamén do aumento no número de equipos xa que hay estancias nas que conviven varios departamentos e existe un único ordenador. Na sala de profesores precisamos da renovación daqueles equipos máis antigos, e do equipamento con novos ordenadores, idealmente portátiles, xa que na actualidade hai dispoñibles 6 ordenadores de sobremesa. Ademais precisamos da renovación das impresoras existentes, xa que na actualidades hai dúas e nun estado de conservación deficiente, o que provoca que en ocasións ningunha das dúas estea operativa.

- Aula de informática: Como está recollido na listaxe de equipamento do apartado 2, no IES de Valga dispoñemos de tres aula de informática. Unha delas con equipamento adquirido polo centro, sendo equipos de baixas prestacións que unicamente son válidos para facer buscas por internet, mais non para empregar programas cunha demanda de recursos máis elevada. Outra dispón de equipos informáticos subministrados por Amtega pero que datan do ano 2007, polo que

están completamente obsoletos, e mesmo teñen dificultades coas tarefas máis sinxelas como navegar en internet. A derradeira aula de informática conta con equipos subministrados por Amtega no ano 2016, de antigüidade media o mesmo elevada tendo en conta que xa pasaron seis anos. Polo que no IES de Valga precisamos da renovación dos equipos obsoletos e de baixas prestacións das aula de informática do centro. Por outra banda, no taller de Tecnoloxía hai 26 ordenadores dos subministrados por Amtega no ano 2007, obsoletos polo tanto, que tamén precisan de renovación.

- Para proxectos específicos:

O IES de Valga presentou a solicitude para a dotación de equipamento dentro do programa dos Polos Creativos. Nesa solicitude xa foi detallada a demanda de material para equipar o Polo se finalmente é concedido. A parte desa solicitude, o taller de Tecnoloxía está equipado cunha impresora 3D marca Leon 3D que non está operativa. Polo que precisaríamos polo menos unha nova impresora, máis moderna e con mellores capacidades. En Tecnoloxía de segundo de ESO e de terceiro de ESO na LOMCE, existen criterios de avaliación que demandan a construción de prototipos no taller, sendo preciso contar con capacidade para imprimir en 3D pezas e obxectos.

Para o bacharelato de excelencia STEMbach, no IES de Valga precisamos equipos portátiles para o alumnado que curse este bacharelato. Un por persoa. Desta maneira poderán levar o equipo á calquera das aulas do centro nas que teñen clase, e no seu traballo fora do centro, por exemplo, en xornadas os visitas ás facultades coas que colaboran.

b) Necesidades de infraestruturas

No IES de Valga precisamos dunha rede (tanto sen fíos como cableada) que proporcione cobertura fiable de alta velocidade a todo o centro, xa que no curso 2022/2023 implántase E-Dixgal en primeiro de ESO. Polo tanto, é preciso que o alumnado poida conectarse á rede en todas as materias que cursen, e que son impartidas en espazos distintos (Aula de referencia, aula de música, aula de Tecnoloxía, etc.).

4. Avaliación do plan

O procedemento seguido para avaliar o desenvolvemento do Plan Dixital de a consecución dos obxectivos propostos é o seguinte:

Haberá unha **avaliación procesual** realizada de forma trimestral, que analizará o estado da execución das accións de cada obxectivo do Plan de Acción do apartado 3 deste documento. Será realizada polo equipo dinamizador do Plan Dixital e incluirá a realización dunha enquisa ao profesorado.

Haberá unha **avaliación final** realizada ao remate do curso coa que medirase o logro dos obxectivos do Plan de Acción, e incluirá unha proposta de mellora.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital do centro será presentado ao conxunto do profesorado no derradeiro claustro ordinario do curso 2021/2022, e no primeiro do curso 2022/2023 co obxectivo de dalo a coñecer ao profesorado incorporado en setembro.

Ademais estará dispoñible publicamente na páxina web do centro para que toda a Comunidade Educativa poida acceder a el.